

O libro de Víctor Vaqueiro, *Lideiras antre a paisaxe*, saiu á rúa o 18 de abril de 1979, na colección Mogor de Edicións Castrelos, que publicara o anterior o primeiro poemario doutro poeta destacable do grupo dos anos '70, *Paisaxe de Glasgow*, de Vicente Araguas. *Lideiras antre a paisaxe* obtivo a mención honorífica do Premio da Crítica que dende hai dous anos se concede en Vigo a libros de creación e investigación, manifestacións plásticas, etc. nun acto que, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, organiza o Círculo Ourensán-Vigués. Víctor Vaqueiro é profesor de Ensino Medio nun colexio de Vigo, cidade na que naceu no ano 1948 e vense adicando á poesía dende os primeiros tempos da súa vida como estudiante en Santiago de Compostela. Foi galardonado co 2º Premio de poesía do Concurso de O Facho correspondente ao ano 1978. Aínda que *Lideiras antre a paisaxe* constituíu o seu primeiro encontro co público lector, a palabra poética evidencia unha práctica de moitos anos, e, sobre todo, o que queda claro é que xurde como consecuencia dunha fonda reflexión. Tal actitude crítica rexístrase xa nas palabras da solapa e nas citas do encabezamento do libro, unha de C. Ayala ("La poesía quedó politicizada el día en que asesinaron al primer poeta del pueblo") e a outra de Aleixandre ("Escribo acaso para los que no me leen"). Por unha banda o texto poético está irremediablemente politicizado e, pola outra, o poeta non pode esquivar que está a escribir pra un feixe de amigos ou de raros aficionados á poesía. A intención concienciadora bate coa conciencia das limitacións das limitacións da literatura como instrumento de cambio político. Estas dúas actitudes condicionan o traballo do poeta.

A fala de *Lideiras antre a paisaxe* resposta ao ritmo e á disposición emocional do discurso épico, astra acadar ás veces a intensidade do sinfónico, un pouco ao xeito de Pablo Neruda. Son recurrentes os termos que configuran o campo semántico da violencia: sangue, treboda, lóstrego, esnaquizado, esfarelado, esmagar, mergullar, estoupar, estralar... Aproveita ademais Vaqueiro as posibilidades significativas que os topónimos (que tan atinadamente manexa Pondal) aportan á visión épica de Galicia, e consigue moi louvabeis resultados. Por veces, a caída en expresións excesivamente obvias ou explicativas creba o

engado dun poema de linguaxe e significación máxica. Pero, agás no caso do texto adicado a As Encrobas, nos poemas nos que expresa a súa visión mitoloxizadora da Galicia asoballada, Vaqueiro cóidase moito de cair no panfletario.

No seu segundo libro, *O informe da gavilla*, que xa está no prelo, Víctor Vaqueiro amosa unha máis fonda preocupación polo tratamento do conxunto e clarifica decisivamente a súa fundamental aportación á poesía galega de hoxe.